

## **PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2025**

### **PROGRAMAS**

**INFORMACIÓN E ACOLLIDA**

**INTERVENCIÓN PSICOSOCIAL**

**ATENCIÓN NO MEDIO RURAL**

**DIVULGACIÓN SOCIAL**

**OBRADOIROS DE MEMORIA**

**FORMACIÓN ESPECIALIZADA**

**OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA**

**PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS**

**VOLUNTARIADO**

**Programa de Información e Acolida:** Este servizo funciona ao longo de todo o ano de maneira ininterrompida a excepción do período vacacional de verán e inverno. As demandas poden ter por obxecto obter información xeral da enfermidade, sobre recursos especializados para este tipo de pacientes e sobre os servizos ofrecidos dende AFAOR.

**Programa de Intervención Psicosocial:** Consiste en facilitar unha atención especializada, próxima e directa a todos aqueles coidadores que precisan dun apoio psicosocial específico. Para o presente 2025 contaremos con unha traballadora social que realizarán o labor de recepción, información e comunicación e apoio coas familias. Agardamos que unha media de 170 familias se beneficien semanalmente deste programa, co que pretendemos, ademais, mellorar o contacto co conxunto dos nosos asociados.

**Programa de Atención no Medio Rural:** Centrado nas comarcas de O Ribeiro, Celanova, A Limia e O Carballiño, desenvolveremos Obradoiros de Memoria e de Estimulación Cognitiva para maiores e enfermos en fases leves ou moderadas, respectivamente, cinco veces por semana e facilitaranse axudas técnicas para aqueles casos que así o precisen. Ademais, levaremos a cabo, un ano máis, o programa de Apoio Psicosocial na Comarca de Valdeorras. En total, unas 130 persoas beneficiaranse deste servizo durante o ano 2025.

**Programa de Divulgación Social:** Ademais da publicitación das accións vinculadas a este programa a través da nosas redes sociais, resulta fundamental o contacto continuado con diferentes estamentos e axentes sociais: os servizos sociais, os centros de saúde e as asociacións de veciños da cidade, os concellos da provincia, a Federación Galega de Asociacións de Familiares de Enfermos de Alzheimer (FAGAL), a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense; sempre co obxectivo de reforzar o coñecemento non só da magnitude da enfermidade de Alzheimer, senón da existencia da nosa asociación. Así mesmo, agardamos organizar e implementar diferentes actos de repercusión mediática que reforcen a consecución dos obxectivos fixados neste programa centrados, un ano máis, na conmemoración do Día Mundial do Alzhéimer.

**Programa de Obradoiros de Memoria:** No presente ano agardamos levar a cabo esta actividade na Comarca de Ourense e, en concreto, nos concellos de Ourense, Toén, Barbadás, Nogueira de Ramuín e San Ciprián de Viñas. Este programa obtén cada día máis adeptos, xa que os beneficios da actividade en si e as características do seu desenvolvemento animan á participación activa dos seus usuarios. Agardamos rexistrar ao término do presente exercicio a máis de 200 persoas ao abiero deste programa.

**Programa de Formación:** Para este ano prevemos levar a cabo 4 Cursos de Formación dirixidos, por unha banda, a colectivos de difícil inserción laboral e, por outra, a coidadores informais e futuros profesionais do eido sociosanitario. Grazas a esta actividade agardamos dar unha formación especializada a preto de 150 persoas no presente exercicio.

**Programa de Obradoiros de Estimulación:** É o programa de AFAOR que máis persoas atende, tanto en horario de mañá coma de tarde. Se contabilizamos, ademáis, aos usuarios do noso Centro de Día Especializado en Alzhéimer, podemos asegurar que máis de 100 familias serán diariamente as beneficiarias destas actividades de coidado e respiro ao longo de todo o 2025.

**Programa de Axudas Técnicas:** diríxese cara aqueles casos que se ven superados polo coidado do seu enfermo e que non contan cos recursos necesarios para xestionar con solvencia a súa atención. Xa que contamos con material en stock, grazas ao noso sistema de reutilización, agardamos poder satisfacer as demandas de preto de 40 familias previstas para este ano, facéndoo nun prazo medio de un mes dende a recepción da demanda.

**Programa de Voluntariado:** As actividade principais nas que desenvolven as súas funcións estas figuras (unha media anual mantida de 12 voluntarias en activo) son accións de Apoio nos Obradoiros de Estimulación Cognitiva e na Sensibilización e Promoción de AFAOR, axudando neste caso, a difundir entre a cidadanía o coñecemento desta difícil enfermidade e da existencia dunha asociación, a de AFAOR, que pode resultar de moita axuda para aqueles que a padezan, mediante a organización e participación nas actividades centradas na conmemoración do Día Mundial do Alzhéimer.